

Indicadores de calidade das operacións estatísticas

METODOLOXÍA

Xustificación

O [código de boas prácticas das estatísticas europeas](#) constitúe un marco común de calidade para o Sistema Estatístico Europeo. Nel enuméranse un total de 15 principios, que abarcan o entorno institucional, os procesos de elaboración de estatísticas e a produción estatística. Neste contexto, aquí procúranse calcular os indicadores relacionados cos 5 principios relativos á produción estatística.

Comezase calculando os indicadores que sexan factibles segundo o establecido na [ESS Guidelines for the implementation of the ESS Quality and performance indicators](#) (QPI) e continuarase engadindo outros axustados á realidade do sistema estatístico galego. Deste xeito, os indicadores nomearanse cunha ou dúas letras relacionadas co principio ao que fan referencia seguida/s de números correlativos. No Plan Galego de Estatística 2017-2021 (en diante, PGE) introdúcense tamén estes cinco principios como parte dos obxectivos de calidade das estatísticas, polo que estes indicadores de calidade empregaranse para avaliar o devandito plan.

Ademais inclúense os indicadores clásicos que se veñen empregando para o seguimento dos programas:

Execución.

No contexto do PGE 2012-2016 a execución dunha operación mídese comprobando os resultados acadados en cada fase, desde a recolla de datos ata a difusión nas programadas en implantación, curso ou cumprimento, segundo o estado de redacción do proxecto técnico nas programadas en proxecto, e analizando ambos os dous criterios nas que se están a reestruturar. A execución das actividades estatísticas calcúlase en función dos resultados das actuacións concretas que figuran no anexo IV do decreto de programa.

Calendario.

O indicador de calendario mide a puntualidade na publicación de resultados. Refírese ás operacións correntes con difusión prevista no programa, sen considerar as de tipo indicadores que se actualizan continuamente segundo o permiten as fontes primarias. En cada operación compróbase se se publicaron os datos no soporte e data previstos, polo que é compatible un grao de execución do 100% cun cumprimento do calendario do 0%. Este resultado dáse cando se elaboran os datos, pero non se difunden, ou se difunden con retraso (fóra do mes previsto nas estatísticas mensuais, trimestrais e semestrais e con máis de dous meses de desfase nas anuais)

TP: indicadores de puntualidade e oportunidade

TP1 e TP2. Indicadores de oportunidade.

Trátanse de indicadores que amosan o tempo transcorrido entre o período de referencia do dato e a data de publicación dun valor referido ao devandito período.

A diferenza entre o indicador TP1 e o indicador TP2 radica na provisionalidade ou non dos datos difundidos. O indicador TP1 calcúlase coa primeira data de publicación dos datos provisionais referidos a un período; pola contra, o indicador TP2 calcúlase coa data de publicación dos datos definitivos dese período. No caso de que non haxa revisión dos datos (a primeira difusión é a definitiva) só ten sentido calcular o indicador TP2.

Estes indicadores avaliaranse para cada programa estatístico anual. Polo tanto teranse en conta para o seu cálculo todos os datos que se deban publicar no ano natural máis os que, debendo ter sido publicados en anos anteriores, aínda estean pendentes da súa difusión (agás que haxa algunha difusión posterior a eles, xa que neste caso se descarta a súa futura difusión).

En principio, estes indicadores serán aplicables a todas as estatísticas, agás as que se refiran a proxeccións ou a sistemas de indicadores con múltiples períodos de referencia dos datos.

O valor numérico destes indicadores será o **número de meses** transcorridos entre a referencia do dato e da data de publicación (aínda que esta sexa anterior á establecida na programación anual). O valor deste indicador sempre será un número enteiro, polo que só importa o mes de publicación, non tendo en consideración o día do mes en que se produciu. É dicir un dato referido ao ano 2016 terá asociado un valor destes indicadores de 10 tanto se se difundiu o 1 de outubro do 2017 como si ocorreu o 31 de outubro dese ano.

Xa que este indicador se calcula como o número de meses transcorridos, separaranse as operacións estruturais (aquelas cuxa periodicidade sexa igual ou superior á semestral) das operacións conxunturais (aquelas cuxa periodicidade sexa igual ou inferior á cuadrimestral). Como engadido, resaltar que, por coherencia, tampouco se calculará este indicador para as operacións conxunturais con periodicidade inferior á mensual (xa que, por exemplo, non sería lóxico medir o número de meses de retraso nunha difusión semanal).

Cando hai varias datas de publicación a avaliar no PEA, o indicador final será o resultado da **media** de cada indicador avaliado en cada publicación. Procederase tamén a calcular o **valor medio** cando unha operación ou actividade conteña varias series principais nas que se avalía este indicador, considerando este promedio como o valor do indicador asignado á operación ou actividade.

Nos casos nos que na data de avaliación do programa estatístico anual haxa algún/s dato/s pendente/s de publicación, a efectos do cálculo destes indicadores, suponse que se publicou/publicaron na devandita data de avaliación. De ocorrer isto, indicárase que o indicador calculado deste xeito é unha estimación (en principio, cun asterisco acompañando ao valor

numérico). Se algún destes “indicadores parciais” avaliados en cada publicación ou nunha serie é estimado, por extensión, o resultado medio final do indicador tamén se considerará estimado (e, polo tanto, acompañado dun asterisco).

TP3. Indicador de puntualidade.

É un indicador que indica o tempo de retraso transcorrido entre a data de publicación prevista duns resultados estatísticos e a data de publicación efectiva deses resultados.

Este indicador avaliarase para cada programa estatístico anual. Polo tanto teranse en conta para o seu cálculo só os datos que teñan unha data de publicación definida no correspondente decreto de programación anual. Por iso, este indicador será aplicable a todas as estatísticas que posúan unha referencia temporal concreta no mencionado decreto.

O valor numérico destes indicadores será o **número de meses** entre a data de publicación prevista e da data de publicación real. O valor deste indicador sempre será un número enteiro, polo que só importa o mes de publicación, non tendo en consideración o día do mes en que se produciu. É dicir un dato que ten a súa difusión programada para o día 1 de outubro e, finalmente, esta ocorre o 31 de outubro, considérase que cumpriu co prazo programado. Consecuentemente, para este caso descrito o valor asociado para este indicador será 0, que é sempre o valor desexado (indicando así que non houbo ningún retraso respecto da previsión de difusión).

Nos casos nos que na data de avaliación do programa estatístico anual haxa algún/s dato/s pendente/s de publicación, a efectos do cálculo deste indicador, suponse que se publicou/publicaron na devandita data de avaliación. De ocorrer isto, indicárase que o indicador calculado deste xeito é unha estimación (en principio, cun asterisco acompañando ao valor numérico). O xeito de proceder é semellante ao que se explicitou para os indicadores TP1 e TP2.

Cando hai varias datas de publicación a avaliar no PEA, o indicador final será o resultado da **suma** de cada indicador avaliados en cada publicación. Se algún destes “indicadores parciais” avaliados en cada publicación é estimado, por extensión, o resultado final do indicador tamén se considerará estimado (e, polo tanto, acompañado dun asterisco).

Nas operacións e actividades que teñan varias series nas que se calcula o indicador, o indicador final será a **media** dos indicadores de todas as devanditas series. Se algún destes indicadores fose estimado, isto tamén conlevaría que o indicador final tamén sexa estimado.

TP4. Porcentaxe de puntualidade.

É un indicador que indica a taxa de puntualidade das publicacións previstas para o programa estatístico anual que se analiza.

Este indicador reflectirá a porcentaxe de difusión incluídas na programación anual que, efectivamente, se axustaron ao calendario deseñado. Para o seu cálculo só se empregarán os datos que teñan unha data de publicación definida no correspondente decreto de programación

anual. Así pois, este indicador será aplicable a todas as estatísticas que posúan unha referencia temporal concreta no mencionado decreto.

O valor numérico destes indicadores será o cociente entre o número de publicacións que se difundiron segundo o calendario establecido e o total de publicacións previstas na programación anual e, posteriormente, multiplicado por 100. Ao igual que o resto de indicadores de puntualidade e oportunidade, só se ten en conta o mes de difusión, ignorando o día do mes en que aconteceu.

CC: indicadores de coherencia e comparabilidade

CC2. Lonxitude das series comparables.

O indicador conta o número de períodos de referencia das series temporais dende a última rotura; é dicir, conta o maior número posible de series temporais que conteñen datos directamente comparables entre si.

As roturas nas series estatísticas poden ocorrer por cambios na definición do parámetro a ser estudado, por cambios metodolóxicos, por circunstancias imprevisibles, etc. Ás veces estas roturas son inevitables; porén, noutras ocasións, existen mecanismos (como o enlace) para salvagardar a lonxitude das series.

A complexidade do cálculo deste indicador reside na identificación das series comparables. Non resulta sinxelo atopar estas series comparables en estatísticas que sufriron procesos de reestruturación, de redefinición de variables, de aumento ou descenso da súa desagregación, etc. Por iso, este indicador non fai referencia en si a toda a operación ou actividade estatística, senón que sempre irá referenciado a un agregado/variable significativo/a dela; é dicir, buscarase unha “serie testemuña” representativa da operación ou actividade que aporte o maior número de períodos comparables posible.

O valor numérico deste indicador será pois, en resumo, ese número de períodos comparables entre si. Así que, sería óptimo que este indicador for incrementándose co paso do tempo.

A serie comparable non ten por que constar de períodos consecutivos (pode haber interrupcións na difusión) pero, de ocorrer esta interrupción, todos os datos difundidos deben conter información coa mesma amplitude temporal. Por exemplo, unha serie que conteña datos anuais relativos aos anos 2013, 2015 e 2017 (polo tanto non se difunde ningún tipo de información sobre o ano 2014 nin sobre o ano 2016) terá asociado un valor de 3 para este indicador CC2; pola contra a unha serie que conteña datos do ano 2013, datos do bienio 2014-2015, datos do ano 2016... non se lle pode asignar ese valor de 3 porque os datos anuais e os datos bienais non son comparables.

Para cada un dos programas estatísticos anuais calcúlase o número de períodos comprendidos entre o menor período de referencia da actividade e o maior período de referencia para o programa en estudo. O cálculo do nº de períodos (lonxitude da serie) utilizará fórmulas

diferentes en función da periodicidade da actividade. Así, para as series anuais a lonxitude será o número de anos comprendidos entre os períodos de referencia; para as series mensuais, trimestrais,... debemos ter en conta o nº de meses, trimestres,... transcorridos.

R: indicadores de relevancia

R1 Indicador de relevancia

Trátase dun indicador que mide o grao de interese da estatística. Con este indicador procurarase medir a relevancia dunha actividade en canto ao seu interese e, dado que o PGE é o marco de actuación do sistema estatístico galego, procuraremos cuantificala establecendo uns criterios en termos deste plan.

No PGE 2017-2021 as necesidades de información veñen reflectidas nas metas de información, xa que as ditas metas defínense por lei como obxectivos informativos que han de satisfacerse coas estatísticas. Neste senso, unha operación ou actividade considérase relevante cando ofrece información estatística referida a unha meta e, sobre todo, cando esta información non a ofrece ningunha outra actividade. Ademais das metas, o PGE determina unha listaxe de operacións e actividades “consolidadas” establecendo pois un conxunto mínimo de estatísticas básicas e polo tanto relevantes; segundo isto unha actividade consolidada sempre será relevante. A definición de actividade estatística definida no PGE 2017-2021 establece que unha actividade estatística debe ampliar a información estatística dispoñible sobre Galicia; así pois, que unha actividade ofrezca información non dispoñible noutro organismo pode servir para reflectir a súa relevancia.

Así pois, reflectiremos o grao de interese dunha operación/actividade a partir dunha variable categórica que recolla maiores valores cando a actividade:

- satisfaga unha meta ou perspectiva que non se cumpre con outras operacións ou actividades,
- sexa consolidada, e/ou
- que achegue información estatística sobre Galicia non dispoñible noutros organismos.

Para o primeiro criterio de relevancia considerárase que unha operación ou actividade satisfai unha meta que non se cumpre con outras operacións ou actividades cando, no programa anual avaliado, non existe ningunha outra operación no inventario que ofrezca información sobre esa meta (aínda que non se coñeza con certeza a súa difusión). Computárase o número de metas que satisfaga en exclusiva a operación ou actividade, obtendo maior relevancia aquelas operacións e actividades que son indispensables para cumprir un maior número de metas. De xeito análogo tratarase a satisfacción das perspectivas.

Por último, tamén cabe salientar que como ao longo do PGE se irá incrementando o número de operacións e actividades, pode ocorrer que algunha operación ou actividade perda esta puntuación no primeiro criterio a partir dun determinado ano. O que nunca ocorrerá será o

contrario: se unha operación ou actividade non parte con este criterio de relevancia nunca o acadará (salvo que amplíe as súas metas de información), posto que as operacións e actividades non desaparecen do inventario aínda que deixen de programarse.

O segundo criterio de relevancia é moi sinxelo de determinar e só é preciso botar unha ollada á Lei do PGE para comprobar se a operación ou actividade forma parte ou non da listaxe de operacións e actividades consolidadas ao comezo do quinquenio do plan. Se forma parte da listaxe, obterá un punto e, pola contra, non o obterá se non está presente nela.

Cabe salientar que esta puntuación do segundo criterio será totalmente independente de que se programe ou non a actividade no ano a analizar e será un valor constante durante os cinco programas estatísticos (xa que os cinco anos virán rexidos pola devandita lei sen posibilidade de modificación nas operacións e actividades consolidadas).

O terceiro criterio de relevancia pode ser o que teña un carácter máis subxectivo e, consecuentemente, máis difícil de precisar. Pero, en resumo, as operacións e as actividades obterán un punto por este criterio se ofrecen algún tipo de información que, en xeral, non está dispoñible noutros organismos. É dicir, puntúase favorablemente a difusión de “información nova”.

Unha información considerárase que é nova cando se difunde un valor dunha determinada variable de estudo que non se pode atopar en orixe en ningunha outra plataforma. Pero, a maiores, tamén se considerará nova unha información cando se difunda dalgún xeito que aporte un determinado valor engadido. A forma máis evidente de engadir valor a unha determinada variable é a súa desagregación (territorial, por sexo, por grupos de idade, etc.), aínda que poden chegar a terse en conta outras expresións. Nunca se considerará que aporta un valor engadido a simple elaboración de gráficos con datos preexistentes, a simple refundición de táboas preexistentes, etc.

Así pois, asignaráselle ao indicador R1 un valor cualitativo relacionado coa suma dos puntos obtidos nos tres criterios de relevancia analizados para a estatística e que será polo tanto máis elevado cando máis relevancia acade a operación ou actividade.

Se $R1=0$ → Sen relevancia. Son as operacións/actividades que non cumpren con ningún requisito de relevancia.

Se $R1=1$ → Pouca relevancia. Son as operacións/actividades que obteñen un punto.

Se $R1=2$ → Relevancia media. Son as operacións/actividades que acadan dos puntos.

Se $R1=3$ → Moita relevancia. Son as operacións/actividades que logran tres puntos.

Se $R1>3$ → Relevancia extraordinaria. Son as operacións/actividades que suman máis de tres puntos.

AC: indicadores de accesibilidade e claridade

AC1. Ligazón única e exclusiva

Trátase dun indicador que amosa a existencia ou non dun punto de información (páxina web, publicación impresa, pendrive, etc.) onde se recolla toda a información da operación ou actividade estatística en cuestión, pero exclusivamente esa información. É dicir, perséguese unha total correspondencia entre o punto de difusión e a operación ou actividade estatística.

Con isto preténdese evitar que os datos relativos á difusión dunha operación ou actividade estatística se encontren espallados en distintos lugares. A maiores, tamén se quere compartimentar a difusión para evitar que se publiquen conxuntamente varias operacións ou actividades estatísticas nun mesmo sitio, o cal dificulta, en moitas ocasións, asociar que información pertence a unha determinada operación ou actividade.

Isto non significa que, por exemplo, todas as operacións e actividades teñan que ter o seu acceso directo dende unha páxina web principal. Pode existir unha cadea de enlaces dende a páxina web principal, pero dentro dela ten que existir unha dirección web que, por si soa, proporcione acceso a toda a información pero, exclusivamente, a ela.

AC2. Notas metodolóxicas

É un indicador que especificará se, no espazo de difusión da estatística ou na propia publicación, se xuntan unhas notas metodolóxicas que expliquen os conceptos principais da estatística (ámbitos, definicións...), as fontes empregadas para a elaboración da estatística, o proceso de cálculo e o conxunto de resultados que se van difundir.

Nas operacións estatísticas as notas metodolóxicas estarían contidas no proxecto técnico da propia operación, co cal sería suficiente xuntar este proxecto técnico ao lugar onde se difunda a operación estatística (aínda que sería tamén válido, e incluso recomendable nalgúns casos, publicar unhas notas máis reducidas ou máis precisas). Porén, nas actividades estatísticas, ao carecer de proxecto técnico, é primordial a publicidade destas notas metodolóxicas para que os usuarios das estatísticas sexan capaces de interpretar correctamente os resultados expostos.